

**PROXECTO LECTOR**  
**IES "AGRA DE RAÍCES" DE CEE**  
**Curso 2018-19**

# ÍNDICE

<b>1. ANÁLISE DA LECTURA E A ESCRITURA NO CENTRO .....</b>	<b>3</b>
<b>1.1. PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO .....</b>	<b>3</b>
1.1.1. No relacionado cos seus hábitos lectores e á súa relación coa lectura .....	3
1.1.2. En canto ao uso da biblioteca .....	3
1.1.3. En canto ás propostas de mellora.....	4
<b>1.2. ANÁLISE DAS METODOLOXÍAS UTILIZADAS POLO PROFESORADO EN RELACIÓN COA LECTOESCRITURA E IDENTIFICACIÓN DE LOGROS E DIFICULTADES.....</b>	<b>4</b>
<b>1.3. ANÁLISE DA BIBLIOTECA ESCOLAR E OUTROS RECURSOS .....</b>	<b>6</b>
1.3.1. RECURSOS MATERIAIS .....	6
1.3.2. RECURSOS HUMANOS .....	7
1.3.3. ACTUACIÓN S .....	7
<b>2. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR .....</b>	<b>10</b>
<b>2.1. MELLORAR OS HÁBITOS DE LECTURA E ESCRITURA E A COMPRESIÓN LECTORA .....</b>	<b>10</b>
<b>2.2. MELLORAR A EDUCACIÓN INFORMACIONAL E A FORMACIÓN DE USUARIOS .....</b>	<b>10</b>
<b>2.3. CONVERTER A BIBLIOTECA ESCOLAR NUN RECURSO IMPRESCINDIBLE DE COMPENSACIÓN SOCIAL.....</b>	<b>11</b>
<b>2.4. CHEGAR A UNHA XESTIÓN INTEGRAL, COORDINADA E AXEITADA DOS MEDIOS INFORMATIVOS DO INSTITUTO.....</b>	<b>11</b>
<b>2.5. MELLORAR OS ASPECTOS ORGANIZATIVOS E DE DOTACIÓN .....</b>	<b>11</b>
<b>2.6. MELLORAR A COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN.....</b>	<b>12</b>
<b>3. INTERVENCIÓNS SISTEMATIZADAS .....</b>	<b>12</b>
<b>3.1. PARA MELLORAR OS HÁBITOS DE LECTURA E ESCRITURA E COMPRESIÓN LECTORA.....</b>	<b>12</b>
<b>3.2. PARA MELLORAR A EDUCACIÓN INFORMACIONAL E A FORMACIÓN DE USUARIOS .....</b>	<b>13</b>
<b>3.3. PARA CONVERTER A BIBLIOTECA ESCOLAR NUN RECURSO IMPRESCINDIBLE DE COMPENSACIÓN SOCIAL .....</b>	<b>13</b>
<b>3.4. PARA CHEGAR A UNHA XESTIÓN INTEGRAL, COORDINADA E AXEITADA DOS MEDIOS INFORMATIVOS DO INSTITUTO .....</b>	<b>14</b>
<b>3.5. PARA MELLORAR OS ASPECTOS ORGANIZATIVOS E DE DOTACIÓN .....</b>	<b>14</b>
<b>3.6. PARA OPTIMIZAR A COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN.....</b>	<b>15</b>
<b>4. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....</b>	<b>16</b>
<b>4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....</b>	<b>16</b>
<b>4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN .....</b>	<b>17</b>

## **1. ANÁLISE DA LECTURA E A ESCRITURA NO CENTRO**

Co fin de facer unha avaliación actualizada da competencia lingüística, hábitos lectores e uso da biblioteca do alumnado e o profesorado do IES "Agra de Raíces", durante febreiro de 2019 realizáronse senllas enquisas, xa utilizadas polos encargados das bibliotecas en diferentes momentos, tras proceder agora á súa revisión e actualización.

### **1.1. PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO**

A enquisa que se lle presentou ao alumnado constaba duns 40 ítems que contestaron 321 alumnos e alumnas, polo que podemos afirmar que se contou cunha mostra o suficientemente ampla para considerar válidos os seguintes datos:

#### **1.1.1. No relacionado cos seus hábitos lectores e á súa relación coa lectura**

Baixou a porcentaxe de alumnos e alumnas que afirma ter moitísimo ou moito gusto pola lectura, que agora é do 28% (6% menos que hai tres anos), así como a porcentaxe dos que din que soen ler un ou dous libros ao mes como mínimo, que antes era do 63% e agora é do 46% (e só o 7% le máis de 5 libros ao mes). Os que len fundamentalmente libros procedentes do instituto ronda o 7%, mentres que o 72% le sobre todo libros da súa casa (onde, por certo, o 48% calcula que hai entre 100 e 500 libros, mentres que só nun 16% dos fogares hai máis de 500). Porén, só no 25% dos fogares lese habitualmente e só un 40% do alumnado vai á librería coa súa familia.

Máis do 61% ten a novela como xénero preferido, seguido dos contos e os textos en Internet, pero case nunca falan cos seus profesores sobre os libros que len, máis ben cos amigos e compañeiros.

É de salientar que len maioritariamente en castelán (85%, catro puntos porcentuais máis que hai tres anos) e que, aínda que recoñecen ser asesorados en canto a libros polos profesores maioritariamente (un 61%), prefiren pedir consello aos compañeiros (o 33%) ou non consultar a ninguén (31%), antes que consultar ao seu profesorado (só o 11%).

#### **1.1.2. En canto ao uso da biblioteca**

Comezando polo número de veces que acoden á biblioteca co profesorado, só o 21% acode algunha vez por mes, mentres que a maioría non acode nunca ou só algunha vez ao ano

(un 49%). Dos que van pola súa conta, case o 42% vai a facer deberes ou tarefas, o 17% vai a coller en préstamo libros ou películas e case o 13% vai a "meterse" en Internet.

Pouco máis do 83% dos enquisados considerábase competente para buscar información en enciclopedias (case todos din saber buscala na rede), pero esta porcentaxe descende ao 58% cando se lles preguntou polo seu coñecemento da distribución dos fondos da biblioteca (un 3% menos que hai tres anos), primeira baixada que se rexistra neste dato dende que se toman rexistros. Tamén é grande o número dos que non saben quen se encarga da biblioteca (máis dun 26%).

En xeral están satisfeitos co traballo do profesorado encargado da xestión, pois máis do 87% opina que o realiza ben ou moi ben. Tamén opina máis do 81% que o profesorado de garda na biblioteca durante os recreos fai ben ou moi ben a súa función, pero o número dos que opinan que o ambiente durante os recreos é regular chega actualmente ata o 30%, e polo que se verá despois, a queixa principal é o nivel de ruído.

Con respecto ás actividades, actuacións e todo o que lles ofrece a biblioteca, un 56% di estar bastante informado, e un 47% di que pouco ou nada, dato moito peor que o de anteriores rexistros.

### **1.1.3. En canto ás propostas de mellora**

As suxestións de mellora céntranse no incorrecto funcionamento dos ordenadores e na falta, ás veces, de silencio suficiente como para traballar axeitadamente facendo tarefas ou estudando.

## **1. 2. ANÁLISE DAS METODOLOXÍAS UTILIZADAS POLO PROFESORADO EN RELACIÓN COA LECTOESCRITURA E IDENTIFICACIÓN DE LOGROS E DIFICULTADES**

A enquisa que se lle presentou aos profesores do instituto constaba duns 20 ítems que podemos clasificar en catro bloques temáticos: "Competencia lingüística dos alumnos", "Uso da biblioteca como recurso didáctico", "Valoración da biblioteca" e "Propostas de mellora da biblioteca".

No IES "Agra de Raíces" o claustro durante o curso 2018/2019 conta con 40 profesores e profesoras dos que contestaron á nosa enquisa arredor do 65%, o que consideramos unha mostra suficientemente significativa para publicar os seguintes datos:

Ningún profesor dos enquisados valora a competencia lingüística dos alumnos como excelente. O 80% considera que a devandita competencia é regular e soamente un 19% a cualifica como de boa, resultados algo mellores que na anterior enquisa.

Como medidas de mellora da competencia lingüística, o 81% propón a realización de actividades específicas de comprensión lectora, medida seguida moi de preto coa existencia do club de lectura e a implantación dun club de escritura. En enquisas anteriores a segunda medida preferida era a ampliación da "Hora de Ler" a 4º de ESO, pero agora queda en cuarto lugar co 19% dos votos (podíanse propoñer varias medidas).

Nas respostas ao uso da biblioteca escolar como recurso didáctico, o 50% do profesorado manifesta que a emprega no seu labor docente ás veces, mentres que só un 8% os leva con frecuencia (e un 15% non os leva nunca, o peor rexistro da historia). Os profesores que utilizan este recurso co seu alumnado fano fundamentalmente para ler, facer uso de material audiovisual, facer procuras en internet e participar en actividades de fomento da lectura. Os materiais máis usados son os audiovisuais e as obras de ficción.

Os usos que fan da biblioteca os profesores son: 1. levar libros en préstamo para uso persoal, 2. consulta de novidades, 3. seleccionar materiais para traballar un tema específico e 4. levar libros en préstamo para o uso na aula.

No relacionado coa valoración que o profesorado fai da biblioteca escolar, é de destacar que o 92% considera que a biblioteca é un recurso pedagóxico bastante ou moi interesante (un 10% máis que no último rexistro) e, se ben o uso real da mesma como tal non se corresponde con esa porcentaxe, o acercamento das valoracións en senso positivo é altamente significativa.

Ademais cómpre expoñer que un 100% valora que a biblioteca favorece moito ou bastante a adquisición do hábito lector (fronte ao 93% da anterior e ao 65% da penúltima), valora positivamente a cantidade de fondos documentais existentes e considera que atende algo máis que suficientemente as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares.

As propostas que recibimos de mellora da biblioteca refírense sobre todo á ampliación do horario de apertura, a programación de actividades de fomento da lectura e a difusión das súas actividades.

Para concluír, outras medidas que apuntan os profesores e que se favorecese o uso da biblioteca coa ampliación da dedicación horaria dos responsables, a coordinación destes co equipo docente e a apertura en horario extraescolar.

### **1.3. ANÁLISE DA BIBLIOTECA ESCOLAR E OUTROS RECURSOS**

#### **1.3.1. RECURSOS MATERIAIS**

A biblioteca do IES "Agra de Raíces" conta cun local rectangular de case 200 metros cadrados repartidos entre as distintas zonas nas que se dividiu no curso 2010-2011 e que permanecen vixentes: a zona onde se atopan os libros de préstamo, a zona de xestión (co posto informático e as mesas de traballo do profesorado encargado), a zona de lectura informal, a zona de traballo en grupo dos usuarios (postos de lectura e consulta), a zona dos libros de consulta e gran formato, os doce ordenadores que hai a disposición dos usuarios na zona informática e finalmente a zona de proxección, cunha pantalla, un canón de vídeo e 32 postos (ampliáveis) para os espectadores, zona que tamén é útil para o traballo individual.

O local é medianamente luminoso e está localizado nun lugar que non se pode considerar "de paso", pois está no primeiro andar nun corredor polo que non hai que pasar non sendo para ir aos laboratorios de Física, Química ou Bioloxía.

Da biblioteca están fichados informaticamente, mediante o programa Meiga, uns 18800 exemplares, entre libros (a maioría), DVD (uns 650) e revistas (unha ínfima parte). Os fondos están organizados de acordo coa CDU. Os fondos localizados nos distintos departamentos non están, en xeral, informatizados mediante o programa, a excepción dos departamentos de Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega, que si o están. Ao estarmos incluídos no Proxecto Meiga, pódense consultar na rede os fondos da nosa biblioteca.

Os andeis da biblioteca foron renovados parcialmente fai varios anos, pero este ano fíxose á Consellería unha petición de andeis para renovar os existentes, moi deteriorados e comestos polos carunchos, e esa petición foi atendida, feito que aproveitamos tamén durante este curso para cambiar a distribución de andeis, intentando permitir unha maior cantidade de luz natural. Os andeis son abertos e accesíbeis aos usuarios.

A catalogación dos fondos da biblioteca e o seu reparto en seccións de acordo á CDU refíxose e reformulouse; tamén se optimizou a orde das seccións e fíxose unha nova rotulación moito máis visual e completa. Estes factores considéranse fundamentais para poder levar a cabo as actividades de formación de usuarios que tan importante consideramos que se realicen no primeiro trimestre de cada curso.

Ao longo destes anos veuse facendo un labor continuo e sostido de expurgo, coa colaboración dos distintos departamentos, pero durante este curso estamos realizando un

expurgo intenso, aproveitando a modificación da distribución. Así, estamos facendo unha selección dos materiais de consulta enciclopédica, por estaren desfasados e ocupar demasiado espazo na biblioteca.

### **1.3.2. RECURSOS HUMANOS**

A biblioteca conta con 1 profesora encargada e 4 profesores colaboradores que en total contan con 9 horas, aínda que 5 destas horas dedícanse, por necesidade imperiosa, ao préstamo de libros nos recreos, polo que as horas de traballo e coordinación son insuficientes, o que fai que a biblioteca só estea aberta nos recreos.

Os recursos humanos poden considerarse actualmente deficientes, xa que no hai horas suficientes asignadas á biblioteca e a maior parte do labor que se leva a cabo parte da boa vontade do profesorado, que dedica o seu tempo libre ás actividades de xestión e dinamización da biblioteca. Para que sirva de exemplo, pasouse dunhas 20 horas de apertura no curso 2010-2011 (o que se recomendaba na anterior versión deste Proxecto Lector) a 0 horas no curso actual.

En canto ao préstamo durante os recreos (de acordo coas recomendacións feitas por varios dos anteriores encargados e encargadas da biblioteca e co noso criterio) realízanos os profesores encargados da biblioteca (2) aos que se engaden outros dous compañeiros que realizan só tarefas de préstamo durante os períodos de lecer, coa colaboración de alumnos participantes no Programa de Voluntariado na Biblioteca e tamén están perfectamente formados. Este sistema intenta minimizar os erros nos préstamos e facilita o labor de formación por parte dos encargados de ditas tarefas.

### **1.3.3. ACTUACIONES**

Nos últimos anos a biblioteca levou a cabo numerosas actuacións, das que recolleemos aquí as máis relevantes:

#### **1.3.3.1. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN**

O modificación da orde, os labores de expurgo, a reformulación e rotulación das seccións e o refichado e reetiquetado dos fondos e un labor que se rematou con éxito en anos anteriores, estando todas as seccións perfectamente definidas, ordenadas e rotuladas.

Á parte, mantense a reestruturación do espazo, dividindo a biblioteca en zonas (como xa se explicou no apartado 1.3.1.) e os postos informáticos (12) para uso do profesorado e do alumnado.

Respecto a reestruturación dos espazos, o equipo responsable da Biblioteca no presente curso 2018/2019 está a levar a cabo unha renovación do mobiliario na zona de lectura. Quérese ampliar a zona de lectura informal e comprar mobiliario novo para esta zona. Para isto todos os andeis que se encontraban bloqueando este espazo serán retirados. Os libros de consulta pasarán todos a zona de estudo deixando so nesta zona os libros de narrativa. A zona de lectura informal quedará separada da zona de estudo por uns andeis altos, diferenciando de forma clara dúas zonas para o alumnado: unha primeira dedicada ao estudo e unha segunda zona máis informal dedicada a lectura, os debates do club de lectura, o taller de robótica e a outros talleres que se vaian poñendo en marcha.

Respecto aos postos informáticos, consideramos que bastantes equipos están obsoletos e conviría que se renovaran, moi especialmente o ordenador do posto de préstamo, xa que enlentece moito o traballo, chegando ao extremo de que o alumnado ten que esperar varios minutos a que se acenda o ordenador. Consideramos unha liña prioritaria a permanente actualización destes equipos na medida do posible por parte do centro.

#### 1.3.3.2. DINAMIZACIÓN

Nos últimos anos celebráronse concursos de creación e encontros con autores ou ilustradores e fixéronse actos de lectura pública como por exemplo as lecturas de terror que se soen celebrar con motivo do Samaín; tamén se levaron a cabo outras actividades de dinamización vinculadas a distintas celebracións e efemérides. Neste último curso 2018/2019, seguindo a "liña descendente" dos últimos anos, ante a redución paulatina do horario dos responsables da Biblioteca, a optimización do tempo dispoñible e fundamental para desenvolver adecuadamente as labores básicas (recepción e catalogación dos fondos, organización da "Hora de Ler"... ) polo que cada vez é máis difícil organizar e levar a cabo actividades de dinamización.

#### 1.3.3.3. FORMACIÓN DE USUARIOS

Durante o curso 2018/2019 aínda non se levou a cabo a formación de usuarios de 1º ESO, xa que se estaba esperando a recibir os contrasinais da plataforma ELBE2. Outro problema que tiveron os encargados da biblioteca foi a organización da "Hora de Ler" e a alta



dos novos usuarios da biblioteca dado que este curso se priorizou que o alumnado mantivese o mesmo número de usuario da biblioteca, polo que houbo que dar alta manual a todo o alumnado novo de primeiro de ESO e de Bacharelato. Como isto levou bastante tempo e xa puxeron en marcha a remodelación dos espazos da biblioteca (actualmente sen concluír) agora mesmo consideran imposible a formación dos usuarios. Malia isto a coordinadora da biblioteca está intentando formar os alumnos de primeiro no uso da plataforma Elbe2 e facilitándolles os seus contrasinais, se ben ten que facelo dentro da súa hora de docencia de inglés, debido a que, como xa se dixo, as horas de asignación á biblioteca son insuficientes.

Este curso púxose en marcha por segunda vez o Programa de Voluntariado da Biblioteca, aínda que nesta ocasión comezouse algo máis tarde pola falta de tempo para formar o alumnado. Respecto desta cuestión, a formación e implicación do alumnado voluntario cremos que pode resultar crucial para o coñecemento dos fondos e da funcionalidade da biblioteca por parte dos seus compañeiros.

#### 1.3.3.4. EDUCACIÓN DO ACCESO Á INFORMACIÓN

Dentro da chamada Alfabetización Informacional (ALFIN) en cursos pasados preparouse un tutorial cuxa función será servir de guía para o alumnado na súa procura de datos nos distintos soportes que actualmente ten a información.

#### 1.3.3.5. FOMENTO DA LECTURA

As actuacións de fomento da lectura máis importantes levadas a cabo nos últimos cursos foi aposta en marcha do que nós chamamos "Hora de Ler" en 1º, 2º e 3º ESO (consistente en "reservar" 15 minutos cada día para a lectura individual e privada do alumnado e o profesorado). Respecto a "Hora de Ler" cremos que se deben mellorar os seguintes aspectos:

Avaliación da Hora de Ler. O titor/a debe avaliar aos alumnos/as se se están realizando ou non as lecturas e estas débense avaliar, posteriormente tamén, na xunta de avaliación para saber cal é o grao de consecución das mesmas.

Implicación efectiva de todo o profesorado no cumprimento estrito do horario da actividade (con excepcións lóxicas por celebración de probas de avaliación, actividades extraescolares, etc.).

Selección de fondos para as bibliotecas de aula de maior interese do alumnado (ciencia ficción, revistas divulgativas, banda deseñada) e posibilidade de que o alumnado aporte a súa propia lectura, o que redundaría na maior implicación do mesmo.

Ampliación desta actividade ás sesións de garda nas que o profesor ausente non deixe traballo previo para facer cos alumnos. Nestes casos, o profesor de garda dedicaría 20 minutos da sesión á "Hora de Ler".

## **2. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR**

Este Proxecto Lector contén uns compromisos mínimos con respecto ao fomento da lectura no centro, segundo marca a lexislación vixente. Estes compromisos mínimos buscan os seguintes obxectivos:

### **2.1. MELLORAR OS HÁBITOS DE LECTURA E ESCRITURA E A COMPRENSIÓN LECTORA**

Queremos formar lectores competentes e polivalentes que melloren o seu dominio nos distintos tipos de lectura (en voz alta, silenciosa, dramatizada, rápida, lenta, selectiva...), nos diversos tipos de documentos (literarios, técnicos, científicos, divulgativos...), nos distintos soportes (libros, xornais, obras de consulta, medios informáticos...), controlando por outra banda os distintos espazos posibles para a lectura (a aula, a biblioteca escolar, a biblioteca pública, a soidade da súa habitación...) e avaliando, trimestralmente, nas xuntas de avaliación de cada grupo, o funcionamento da Hora de Ler.

O fomento da lectura como fonte de pracer é unha das nosas principais finalidades, na idea de que acceder ao coñecemento mediante a lectura dotará ao alumnado dos instrumentos e estratexias necesarios para adquirir o criterio que lle permitirá interpretar as diversas fontes de información, facilitando así a súa auténtica realización como seres humanos libres.

### **2.2. MELLORAR A EDUCACIÓN INFORMACIONAL E A FORMACIÓN DE USUARIOS**

Hoxe en día todos temos acceso a unha cantidade enorme de información, procedente de distintas fontes informativas e con diversos soportes, moito máis aló do libro de texto. O uso correcto de toda esta información, saber atopala, filtrala e procesala, faise, pois, unha necesidade básica para o noso alumnado e xa que logo para os cidadáns libres e competentes. A biblioteca escolar é o instrumento fundamental para a correcta adquisición desta competencia, superando a alfabetización dixital, o axeitado coñecemento do uso dos

ordenadores e outros recursos dixitais. A todo o proceso que culmina coa consecución desta competencia vénselle chamando ALFIN ou ALFabetización Informacional.

E loxicamente, para poder levar este labor de alfabetización informacional, é fundamental, ou mellor dito imprescindible, asegurarnos de que os usuarios da biblioteca están capacitados para aproveitar todos os servizos que esta pode proporcionarlles.

### **2.3. CONVERTER A BIBLIOTECA ESCOLAR NUN RECURSO IMPRESCINDIBLE DE COMPENSACIÓN SOCIAL**

Facilitar o acceso aos fondos (axeitados aos diversos tipos de lectores) á totalidade da comunidade educativa, mesmo en períodos horarios non lectivos (sempre que sexa factible segundo horario do profesorado), constitúese nunha das bases do noso ideario; igualmente importante é contar con materiais adaptados aos distintos niveis de competencia de todo tipo, tendo ademais en conta a liberdade de ideoloxía, crenzas relixiosas, etc. Por outra banda terase en conta a loita contra o racismo, a homofobia, o machismo, o belicismo, o consumismo e outras lacras e mostras de falta de tolerancia existentes na nosa sociedade.

### **2.4. CHEGAR A UNHA XESTIÓN INTEGRAL, COORDINADA E AXEITADA DOS MEDIOS INFORMATIVOS DO INSTITUTO**

O mellor xeito de aproveitar os fondos de todo tipo (libros, materiais audiovisuais, revistas, materiais de consulta) que existen no instituto é ter o seu inventario centralizado por parte da biblioteca, de xeito que calquera membro da comunidade educativa que necesite algún material teña a posibilidade de acceder a el. Neste senso están xa inventariados tres Departamentos: Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas, e promovemos unha continuidade desta iniciativa aos restantes. Por outra banda, velarase polo equilibrio entre os diversos tipos de fondos.

### **2.5. MELLORAR OS ASPECTOS ORGANIZATIVOS E DE DOTACIÓN**

Nunca é suficiente, pero a lexislación educativa permite e apoia que as bibliotecas dos centros educativos poidan estar dotadas económica e materialmente para poder levar a cabo axeitadamente os distintos ámbitos do seu labor. Por parte da directiva pódense optimizar os medios humanos e económicos dispoñibles e amosar unha maior implicación e compromiso.

## **2.6. MELLORAR A COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN**

É fundamental chegar a unha óptima comunicación a todos os niveis: entre o profesorado e a biblioteca, entre os membros do equipo de apoio da biblioteca, entre os distintos departamentos, cos usuarios e pais, coas bibliotecas e entidades culturais da contorna: así as actuacións levadas a cabo serán as necesarias e os membros da comunidade educativa poderán servirse delas.

O Consello Escolar e outros órganos colexiados son o ámbito ideal para unha gran parte desta comunicación e neles os representantes da biblioteca e dos distintos colectivos da comunidade escolar farán as súas peticións e aportacións.

## **3. INTERVENCIÓNS SISTEMATIZADAS**

### **3.1. PARA MELLORAR OS HÁBITOS DE LECTURA E ESCRITURA E COMPRENSIÓN LECTORA**

- Continuarase co acceso do alumnado á lectura privada durante algún período diario en horario lectivo ("Hora de Ler"); esta actuación, vixente actualmente en 1º, 2º e 3º da ESO, seguirá reservando 15 minutos diarios de lectura e mellorará a súa implantación seguindo as pautas marcadas no punto 1.3.3.5 deste documento.
- Levaranse a cabo en todas as áreas do currículo actividades que inclúan a lectura correcta e comprensiva en voz alta de diversos tipos de textos así como a redacción correcta e coidada de documentos escritos; estableceranse criterios de avaliación destas actividades.
- Celebraranse encontros con autores, presentacións e exposicións de libros, webquest e outras actividades dinamizadoras que poñan en contacto ao alumnado co mundo dos libros e a literatura nun sentido amplo.
- Promoveranse lecturas públicas de textos, ben sexa para celebrar datas sinaladas como para incluílas noutras celebracións e eventos.
- Convocaranse concursos de escritura para fomentar no alumnado a importancia desta actividade como medio de expresión, valorando a súa corrección e primando a súa expresividade, orixinalidade e rigor.

- Consolidarase o funcionamento do actual club de lectura "Libros coma area!" potenciando as súas actividades dotando axeitadamente as mesmas co presuposto por parte da Dirección do centro.
- Todo o profesorado colaborará na conversión da comprensión lectora no eixe de todo o proceso de ensino-aprendizaxe: a lectura comprensiva deber ser obxecto de traballo xunto coa expresión oral e escrita en todas as áreas do currículo, polo que deben existir actividades específicas de comprensión lectora en todas as materias e niveis.

### **3.2. PARA MELLORAR A EDUCACIÓN INFORMACIONAL E A FORMACIÓN DE USUARIOS**

- Farase pública cada curso a guía de uso da biblioteca que xa se confeccionou ou outro documento que faga esas funcións e teranse en diversos lugares do centro indicacións sobre como chegar á biblioteca.
- Confeccionaranse e publicaranse itinerarios lectores, libros e publicacións obrigatorias ou complementarias para todas as áreas do currículo.
- Confeccionaranse e publicitaranse materiais de alfabetización informacional (ALFIN) que faciliten a navegación do alumnado pola rede dun xeito proveitoso e o acceso e interpretación axeitado de todas as fontes de información.
- Respecto a directorios web relativos ás diversas áreas do currículo, o funcionamento da Aula Virtual xa está vixente en moitas disciplinas para facilitar así o acceso do alumnado a fontes consideradas interesantes polo profesorado de ditas áreas.
- Levaranse a cabo cada curso para cada grupo de 1º ESO (e para todos os que comecen os seus estudos no instituto), actividades de formación de usuarios da biblioteca (titoriais, presentación de diapositivas, outras actividades) de xeito que o alumnado poida moverse entre os andeis, atopar os fondos, coñecer as normas de uso dos ordenadores e as normas de préstamo, etc. Esta formación levarase a cabo antes de rematar o mes de outubro.

### **3.3. PARA CONVERTER A BIBLIOTECA ESCOLAR NUN RECURSO IMPRESCINDIBLE DE COMPENSACIÓN SOCIAL**

- Intentarase, como se repite no apartado 3.5., chegar a un horario de apertura suficiente durante o horario lectivo, para facilitar o acceso á biblioteca dos seus usuarios.

- Estudarase o xeito de abrir a biblioteca, en horario non lectivo, unha das tardes nas que non hai clases, se o cadro horario de profesorado ou directiva o permite.
- Contarase con materiais adaptados aos distintos niveis de competencia, con especial atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atenderase á liberdade de ideoloxía e crenzas relixiosas cunha dotación suficiente de materiais.
- Para loitar contra as lacras do noso mundo, como o racismo, a homofobia, o machismo, o consumismo, etc., manteranse e renovaranse constante e coidadosamente os fondos (libros, banda deseñada, películas) relacionados e faranse actividades informativas e participativas sobre eses temas, para concienciar ao alumnado e implicalo.

### **3.4. PARA CHEGAR A UNHA XESTIÓN INTEGRAL, COORDINADA E AXEITADA DOS MEDIOS INFORMATIVOS DO INSTITUTO**

- Inventariaranse informaticamente todos os fondos do instituto, incluídos os dos departamentos, de xeito que calquera membro da comunidade educativa poida saber en todo momento a dotación existente e poida acceder a ela.

### **3.5. PARA MELLORAR OS ASPECTOS ORGANIZATIVOS E DE DOTACIÓN**

- O centro designará "un profesor ou profesora responsable da biblioteca escolar entre o profesorado definitivo no centro, por un período mínimo de dous anos e asignación de horas, dentro do seu horario lectivo e/ou complementario, en número suficiente para as funcións que lle son propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Este responsable integrarase na Comisión de coordinación pedagóxica do centro" (texto da convocatoria PLAMBE). Preferirase un equipo de poucos membros con varias horas de dedicación cada un e buscarase achegarse ou superar as 20 horas de xestión da biblioteca, se fose posible.
- O centro creará "un equipo de biblioteca ou grupo de apoio, de carácter interdisciplinario, formado por profesorado dos diferentes ciclos ou departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do programa, que se terá en conta na elaboración dos horarios do profesorado ao comezo do curso escolar" (texto da convocatoria PLAMBE).

- O centro asignará "un orzamento anual específico (entre un 5 % e un 10 % do orzamento do centro), para o funcionamento e a actualización da biblioteca escolar, independente das asignacións ou das axudas (no caso dos centros privados concertados) a que puidese dar lugar a participación na presente convocatoria" (texto da convocatoria PLAMBE). Así mesmo, esta dotación será extensible ao correcto funcionamento do club de lectura para a correspondente adquisición de fondos e organización de actividades (saídas temáticas, visitas ou charlas de escritores, etc.).
- Os distintos departamentos colaborarán no continuo labor de expurgo.
- Os préstamos de fondos serán realizados por que os encargados da biblioteca designen (profesores formados ou alumnos colaboradores, como os do Programa de Voluntariado na Biblioteca), para favorecer un óptimo funcionamento do servizo e para facilitar un labor continuo de formación de usuarios, segundo determina tamén a convocatoria PLAMBE.

### **3.6. PARA OPTIMIZAR A COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN**

- O profesorado ten o dereito de ser informado puntualmente de todo o relacionado coa biblioteca e co Proxecto Lector.
- Os departamentos teñen a obriga legal de incluír nas súas Programacións as actuacións con relación ao Proxecto Lector, ás que se referirán tamén nas Memorias Anuais. Estas actuacións, en unión da Programación anual da biblioteca, constitúen o núcleo do Plan Anual de Lectura (Decreto 133/2007 "da Educación Secundaria Obrigatoria").
- Os departamentos comunicarán aos responsables da biblioteca a principio de cara curso, un listado que recolla as lecturas obrigatorias e recomendadas, distribuídas por cursos, para seren publicadas na web do centro, no blog ou outras páxinas da biblioteca.
- Debe existir algún membro do profesorado na Comisión da Biblioteca do Consello Escolar.
- O alumnado e as familias teñen dereito a seren informados puntualmente de todo o relacionado á biblioteca e ao Proxecto Lector. Neste aspecto, ademais da Comisión do Consello Escolar, os blogs da biblioteca e do club de lectura están permanentemente actualizados.

- O alumnado, os pais e as nais farán ás súas aportacións e críticas construtivas mediante a súa participación na Comisión da Biblioteca do Consello Escolar.
- Establecerase unha hora de coordinación entre os membros do equipo de apoio dentro do seu horario.
- Deben articularse procedementos de coordinación e promoverse iniciativas en común coas bibliotecas escolares dos centros educativos do Concello de Cee e dos centros dos que recibimos alumnado, así como coa Biblioteca Municipal e outras institucións culturais: compartir as nosas actuacións e realizar préstamos entre entidades serán os puntos de partida.

#### **4. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Este Proxecto Lector pretende ter unha utilidade práctica e ser un guiión real dos compromisos que o Instituto de Ensino Secundario "Agra de Raíces" de Cee adquire con respecto á lectura, á escritura, ás habilidades relativas á busca de información e ao uso e funcionamento da biblioteca como órgano que articula e regula todo o relativo a estes aspectos; por iso establécense uns criterios e uns procedementos de avaliación que, ben aplicados, deben levar á modificación dos aspectos da redacción ou do desenvolvemento do Proxecto Lector que non resulten axeitados.

##### **4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Dando por auténtica a vocación reflectida no punto anterior, establecemos os seguintes criterios de avaliación:

- Verificar o grao de cumprimento das intervencións comprometidas.
- Facer un seguimento da consecución dos obxectivos xerais.
- Comprobar a adecuación dos métodos, materiais e recursos propostos no Proxecto.
- Computar o grao de implicación dos distintos colectivos.



## 4.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos para avaliar este Proxecto Lector son:

- Unha enquisa que verifique mediante un si, un non ou mediante gradación o cumprimento de todos e cada un dos puntos do apartado 3 (Intervencións sistematizadas).
- Unha enquisa que compute ata que punto se acadan os Obxectivos Xerais (apartado 2) e que comprobe a adecuación dos métodos, materiais e recursos utilizados de acordo con este Proxecto, así como o grao de implicación de profesorado, alumnado e familias.
- A avaliación continua á que someteremos a este documento todas as persoas implicadas (alumnado, profesorado, familias) mediante o seu seguimento nos distintos órganos de coordinación e de funcionamento (o Equipo de Dinamización da Biblioteca, a Comisión da Biblioteca, A CCP, O Claustro de Profesores, o Consello Escolar).
- A Memoria Anual da Biblioteca tamén servirá como procedemento de avaliación do Proxecto Lector.

Este Proxecto Lector do IES "Agra de Raíces" de Cee poderá ser modificado, de acordo coa legalidade, como parte que é do Proxecto Educativo de Centro, sempre que nos diversos procedementos de avaliación se atopen incorreccións ou carencias que fagan conveniente algunha modificación.